

INSTRUCCIÓN SOBRE A APLICACIÓN DA REDUCIÓN DE XORNADA ACORDADA A PARTIR DO 1 DE XULLO DE 2023.

Con base no acordo da Mesa sectorial do pasado 20 de abril de 2023, o Consello da Xunta, na súa reunión do 29 de xuño, vén de acordar para este ano unha redución de 21 horas na xornada laboral ordinaria para o persoal con quenda fixa de mañá ou tarde regulada no Acordo de Concertación Social (ACS) do ano 2001 (*Diario Oficial de Galicia* número 55, do 19 de marzo), así como para o persoal asimilable ao anterior nas condicións horarias. O acordo engade que esta redución será aplicada na quenda de sábado.

En canto ao persoal con horarios especiais e rotación en quendas, acórdase aplicar a redución neta de 21 horas sobre a xornada actual que resulte da táboa prevista no ACS que teña asignada. Engádesse tamén que esta redución aplicarase na xornada ordinaria do persoal con acordos específicos de PAC (incluíndo PSX), médicos de urxencias e persoal residente.

Para executar esa redución garantindo a atención á cidadanía, procurando un tratamento igualitario entre os diferentes colectivos, pero atendendo ao mesmo tempo aos diferentes supostos de regulación de xornada existentes nas institucións sanitarias, así como á existencia de categorías con dificultades de cobertura por insuficiencia de persoal titulado, aplicaranse as seguintes medidas:

1.- Persoal incluído no ámbito de aplicación do réxime de xornada do Acordo de Concertación Social do ano 2001 (ACS) e persoal asimilable.

a) Persoal con quenda fixa diurna ou rotatoria simple: nova xornada ordinaria de 1.624 horas. Esta mesma xornada aplicarase ao persoal asimilable nas condicións horarias (enfermaría de

Atención Primaria e PSX con quendas de mañá, tarde e deslizantes): a redución de 21 horas aplicarase nas quendas de sábado (3) programadas a partir de 1 de xullo 2023, con independencia da cadencia de sábados que teña asignada.

No caso do persoal enfermeiro, de no ser posible a cobertura deses sábados por indispoñibilidade de persoal, aboarase unha compensación pola realización de ata 3 sábados (150,22 € por sete horas en cada sábado, ou contía proporcional por horas realizadas).

Noutras categorías, cando as características do servizo ou a actividade realizada en sábado dificulte a substitución, ou sexa previsible que se esgoten as listas de aspirantes de selección temporal, a prestación de servizos nos sábados obxecto da redución compensarase cunha libranza (prioritariamente na semana seguinte e no día que se acorde co/coa profesional).

Nota: con esta previsión está a pensarse no persoal administrativo de servizos como admisión ou recursos humanos, PSX (nomeadamente cando se trata dunha única presenza), programas asistenciais específicos desenvolvidos en sábado (por exemplo fisioterapia) ...

Cando a redución de 21 horas non poida aplicarse nas quendas de sábado (3), porque a xornada está a completarse fóra dese día (de luns a venres), a redución aplicarase igualmente neses horarios axustados.

Nota: trátase dos supostos nos que a xornada se completa, por exemplo, nas tardes ou mediante outros axustes dos horarios de traballo.

b) Persoal con quendas rotatorias do ACS: aplicarase unha redución neta de 21 horas sobre a xornada (actual) que resulte do ACS que xa teña asignada en función do número de noite ata a xornada mínima de quenda nocturna de 1.430 horas, resultando a seguinte **táboa de xornada anual efectiva:**





NÚMERO DE NOITES	NÚMERO DE MAÑÁS/TARDES	XORNADA QUE SE DEBE REALIZAR
0	232	1624
1	230	1620
2	228	1616
3	226	1612
4	224	1608
5	222	1604
6	220	1600
7	218	1596
8	217	1599
9	215	1595
10	213	1591
11	211	1587
12	209	1583
13	207	1579
14	205	1575
15	204	1578
16	202	1574
17	200	1570
18	198	1566
19	196	1562
20	194	1558
21	192	1554
22	191	1557
23	189	1553
24	187	1549
25	185	1545
26	183	1541
27	181	1537
28	179	1533





29	178	1536
30	176	1532
31	174	1528
32	172	1524
33	170	1520
34	168	1516
35	166	1512
36	165	1515
37	163	1511
38	161	1507
39	159	1503
40	157	1499
41	155	1495
42	153	1491
43	152	1494
44	150	1490
45	148	1486
46	146	1482
47	144	1478
48	142	1474
49	140	1470
50	139	1473
51	137	1469
52	135	1465
53	133	1461
54	131	1457
55	129	1453
56	127	1449
57	126	1452
58	124	1448
59	122	1444
60	120	1440



61	118	1436
62	116	1432
63	114	1428

*Táboa calculada coas seguintes bases:

ANO 2023		- 21 hs	
Días ano		365	
Vacacións	30		
Festivos	14		
Domingos	48		
Sábados	35		(+) 3
LD	6		
Descansos		133	(+) 3
Días laborables		232	(-) 3
Horas anuais máximas		1624	(-) 21

Determinación de xornada efectiva para persoal con vínculos inferiores ao ano:

- Determinación de xornada efectiva para os profesionais con vínculos de duración igual ou inferior aos 31 días: $X(D) = 1624 * D / 329$.

- Determinación de xornada efectiva para os profesionais con vínculos de natureza eventual superiores aos 31 días que realicen módulos de noite:

Suposto xeral. $X(D) = 1620 * D / 329 - 3 * N(D)$.

Suposto excepcional (proxección anual de noites superior a 63). $X(D) = 1430 * D / 329$.

c) Persoal PSX dos Puntos de Atención Continuada: aplicarase unha redución neta de 21 horas sobre a xornada que teña asignada.



2.- Persoal médico de urxencias hospitalarias e persoal médico e enfermeiro dos Puntos de Atención Continuada.

- Persoal que veña traballando en quenda fixa diurna: 1.624 horas.
- Persoal co réxime ordinario de traballo destes colectivos, con sucesión de quendas e prestación en horario de noite: 1.430 anuais (130 mensuais, a partir das cales iníciase o cómputo de xornada complementaria).

3.- Persoal facultativo de atención hospitalaria (FEA, médico/a de admisión, médico/a de HADO), médico de familia e pediatra de atención primaria, FEAP (na súa xornada ordinaria como médico/a de familia):

Nova xornada ordinaria de 1.624 horas. A redución das 21 horas aplicarase con cargo a quendas de sábado (3) programadas a partir de 1 de xullo 2023 -con independencia da cadencia de sábados que teña asignada- e mediante unha compensación pola realización de ata 3 sábados (188,86 € por sete horas en cada sábado, ou contía proporcional por horas realizadas).

4.- Persoal residente en formación (MIR, EIR...).

Nova xornada ordinaria de 1.624 horas. A redución das 21 horas aplicarase en quendas de sábado, segundo o caso, co anteriormente exposto para o persoal facultativo e enfermeiro estatutario.

Santiago de Compostela, na data que figura á marxe
A directora xeral de Recursos Humanos
Ana María Comesaña Álvarez

